

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO

Conservatorio Profesional
de Música de Viveiro



**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020**

CORO

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES	4
➤ 1º de Grao Profesional	4
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	4
MÍNIMOS ESIXIBLES	4
➤ 2º de Grao Profesional	4
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	4
MÍNIMOS ESIXIBLES	4
➤ 3º de Grao Profesional	4
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	4
MÍNIMOS ESIXIBLES	5
➤ 4º de Grao Profesional	5
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	5
MÍNIMOS ESIXIBLES	5
➤ 5º de Grao Profesional	5
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	5
MÍNIMOS ESIXIBLES	5
➤ 6º de Grao Profesional	6
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	6
MÍNIMOS ESIXIBLES	6
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	7
2.1. AVALIACIÓN	7
2.2. CUALIFICACIÓN FINAL	7
2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	7
2.4. AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES E PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª – 2ª AVALIACIÓN.....	8

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)	9
3.1. ACTIVIDADES	9
3.2. METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE).....	9
3.3. MATERIAIS E RECURSOS	9
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.....	9
4.1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.....	9
4.2. PUBLICIDADE	9

INTRODUCCIÓN

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

➤ 1º de Grao Profesional

Criterios de avaliación

- Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– as obras programadas na 1ª e 2ª avaliación.
- Repentizar obras homofónicas de pouca dificultade, e de claros contornos tonais.
- Entoar notas soltas a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia.

Mínimos esixibles

- Reproducir as obras correspondentes á 1ª e 2ª avaliación, dun xeito correcto, o que implica a capacidade de afinación e a integración no conxunto.
- Colaborar de maneira activa en tódalas actividades que programe o conxunto.
- Entoar notas soltas a partir do diapasón, sin incluír os intervalos de 7ª e intervalos aumentados e diminuídos.

➤ 2º de Grao Profesional

Criterios de avaliación

- Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– as obras programadas á 1ª e 2ª avaliación.
- Repentizar obras homofónicas de pouca dificultade, e de claros contornos tonais.
- Entoar notas soltas a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia.

Mínimos esixibles

- Reproducir as obras correspondentes á 1ª e 2ª avaliación, dun xeito correcto, o que implica a capacidade de afinación, articulación e a integración no conxunto.
- Colaborar de maneira activa en tódalas actividades que programe o conxunto.
- Entoar notas soltas a partir do diapasón, incluíndo todos os intervalos simples.

➤ 3º de Grao Profesional

Criterios de avaliación

- Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– as obras programadas á 1ª e 2ª avaliación.
- Repentizar obras homofónicas de mediana dificultade, e de claros contornos tonais. -Entoar acordes en estado fundamental a partir do diapasón.

Mínimos esixibles

- Reproducir as obras correspondentes á 1ª e 2ª avaliación, dun xeito correcto, o que implica a capacidade de afinación, articulación e a integración no conxunto.
- Colaborar de maneira activa en tódalas actividades que programe o conxunto.
- Entoar acordes maiores e menores en estado fundamental a partir do diapasón, nas tonalidades de DoM, FaM, SolM, lam e rem. No caso das tonalidades maiores, sobre os grados da escala natural, e no caso das tonalidades menores sobre os grados da escala natural e da escala armónica.
- Repentizar con afinación correcta e precisión rítmica unha obra homofónica con claros contornos tonais, que conteña dificultades axeitadas aos contidos da 1ª e 2ª avaliación. Estas obras poderán estar escritas en calquera das seguintes tonalidades: DoM, FaM, SolM, lam e rem.

► 4º de Grao Profesional

Criterios de avaliación

- Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– calquera das obras programadas na 1ª e 2ª avaliación.
- Repentizar obras homofónicas de mediana dificultade, e de claros contornos tonais.
- Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de mediana dificultade.
- Entoar acordes maiores, menores, e disminuídos en estado fundamental e primeira inversión a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia.

Mínimos esixibles

- Reproducir de memoria as obras correspondentes á 1ª e 2ª avaliación, dun xeito correcto, o que implica a capacidade de afinación, articulación e a integración no conxunto.
- Colaborar de maneira activa en tódalas actividades que programe o conxunto.
- Entoar acordes maiores, menores e disminuídos en estado fundamental e primeira inversión, a partir do diapasón, nas tonalidades de DoM, FaM, SolM, ReM, SibM, lam, rem, som, mim e sim. No caso das tonalidades maiores, sobre os grados da escala natural e do 2º tipo, e no caso das tonalidades menores sobre os grados da escala natural e da escala armónica.
- Repentizar con afinación correcta e precisión rítmica unha obra homofónica con claros contornos tonais, que conteña dificultades axeitadas aos contidos da 1ª e 2ª avaliación. Estas obras poderán estar escritas en calquera das seguintes tonalidades: DoM, FaM, SolM, ReM, lam, rem, solm, mim e sim.

► 5º de Grao Profesional

Criterios de avaliación

- Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– calquera das obras programadas na 1ª e 2ª avaliación.
- Repentizar obras homofónicas de mediana dificultade, e de claros contornos tonais.
- Repentizar obras polifónicas de carácter contrapuntístico de dificultade media.
- Entoar acordes tríadas e de sétima de V a catro voces, a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia.

Mínimos esixibles

- Reproducir de memoria as obras estudadas na 1ª e 2ª avaliación dun xeito correcto, o que implica a capacidade de afinación, articulación e a integración no conxunto.
- Colaborar de maneira activa en tódalas actividades que programe o conxunto.

-Entoar acordes maiores, menores e diminuídos en estado fundamental, 1ª inversión e 2ª inversión, e de sétima de V en estado fundamental e nas diferentes inversións, a partir do diapasón.

-Repentizar con afinación correcta e precisión rítmica unha obra homofónica con claros contornos tonais, que conteña dificultades axeitadas aos contidos da 1ª e 2ª avaliación.

-Repentizar con afinación correcta e precisión rítmica unha obra polifónica con claros contornos tonais.

Para a repentización de obras recoméndanse os Cancioneiros de Uppsala, de Palacio e de Medinaceli; obras de música popular, ou calquer obra de claros contornos tonais.

➤ **6º de Grao Profesional**

Criterios de avaliación

-Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– as obras programadas durante a 1ª e 2ª avaliación.

-Repentizar obras homofónicas de mediana dificultade, e de claros contornos tonais.

-Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de dificultade media.

-Entoar acordes de sétima das diferentes especies, a catro voces a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia.

Mínimos esixibles

-Reproducir de memoria as obras correspondentes á 1ª e 2ª avaliación, dun xeito correcto, o que implica a capacidade de afinación, articulación e a integración no conxunto.

-Colaborar de maneira activa en tódalas actividades que programe o conxunto.

-Entoación de acordes tríadas e de sétima de V, sétima de sensible e sétima diminuída, a partir do diapasón.

-Repentizar con afinación correcta e precisión rítmica unha obra homofónica con claros contornos tonais, que conteña dificultades axeitadas aos contidos da 1ª e 2ª avaliación.

-Repentizar con afinación correcta e precisión rítmica unha obra polifónica que conteña dificultades axeitadas aos contidos da 1ª e 2ª avaliación.

Para a repentización de obras recoméndanse o estudio dos Cancioneiros de Uppsala, de Palacio e de Medinaceli; obras de música popular; cánones; Madrigales de J. Vázquez ou calquer obra de claros contornos tonais.

Na aplicación dos criterios de avaliación e mínimos esixibles respectivamente terase en conta en todo momento que o grao de profundización e destreza/técnica requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación.

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderse incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

2.1. Avaliación

Procedementos e ferramentas de avaliación:

Probas escritas: si é necesario realizaranse por vía telemática (correo electrónico, whatsapp, videoconferencia etc.) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)

Probas orais: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e valorarase a posibilidade de realización das mesmas por vía telemática (videoconferencia etc.) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)

Audicións internas: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación non sendo posible a realización a partir da declaración do estado de alarma.

Observación sistemática: poderase establecer este procedemento para valorar as actividades de repaso/reforzo/ampliación/recuperación no caso de que sexa eventualmente posible a impartición de clase por vía telemática a partir da declaración do estado de alarma, deixando constancia dos resultados obtidos polo alumnado empregando o procedemento ordinario (caderno de seguimento do alumnado) e tendo en conta que en ningún caso minorarán as calificacións.

Técnicas audiovisuais: de ser o caso, enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio/video) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións).

Traballos de investigación: de ser o caso establecerase o procedemento telemático axeitado para o envío dos mesmos a partir da declaración do estado de alarma, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a calificación outorgada. Estes traballos serán referidos á investigación sobre un dos autores das obras traballadas durante o curso.

2.2. Cualificación final

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica vocal considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e contínuo, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento: **Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter contínuo da materia** e poderá incrementarse en **2 puntos** en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

2.3. Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do Conservatorio e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha interpretación práctica a coro a catro voces mixtas baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación, donde o alumno aportará as persoas acompañantes necesarias para a realización de dita proba. Ademais de outra proba de entoación á primeira vista dunha obra homofónica e outra polifónica con letra, de claros contornos tonais.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- **A práctica coral:** abarca aqueles aspectos dos criterios de avaliación que teñan que ver coa demostración por parte do alumno da súa capacidade para formar parte dun grupo, tanto a nivel persoal como musical.
- **Repertorio:** inclúe aqueles aspectos dos criterios de avaliación que teñan que ver co afondamento do grao de coñecemento das obras.

A **cualificación final** será da seguinte forma:

- Coñecemento do repertorio e precisión técnica(afinación e ritmo): 35%
- Interpretación (son, musicalidade, fraseo, interpretación): 35%
- Capacidade de repentización: 30%

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

2.4. Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación

MATERIAS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR:

Non hai alumnos coa materia pendente do curso anterior.

PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª-2ª AVALIACIÓN:

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases, probas e/ou envío de gravacións de audio/video que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

A **cualificación final** será da seguinte forma:

- Coñecemento do repertorio e precisión técnica(afinación e ritmo): 35%
- Interpretación (son, musicalidade, fraseo, interpretación): 35%
- Capacidade de repentización: 30%

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

3.1. Actividades

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1ª/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo. Enviárase por medio telemático obras homofónicas e contrapuntísticas para o traballo da repentización, e exercicios de entoación que faciliten ao alumno a cosecución dos mínimos esixibles, ademais de correxir aspectos técnicos, afinación e interpretación das obras traballadas na 1ª e 2ª avaliación.

3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía utilizada para os alumnos con conectividade é o envío por parte do profesor de obras corais, homofónicas e contrapuntísticas, e exercicios de entoación que faciliten a recuperación, reforzo ou repaso, según cada caso. Estas tarefas son enviadas para ser estudadas polo alumno e por medio de correo electrónico, whatsapp ou calquer outro medio ser reenviadas en formato video ou audio ao profesor, para proceder á súa corrección.

Respecto aos alumnos sen conectividade, en principio non se observa ningún dos alumnos en esa situación. Non obstante, si por circunstancias personales dos alumnos e as súas familias isto puidera cambiar, o Concello de Viveiro programou un servizo de axuda a estes alumnos que garantiría a súa conectividade.

3.3. Materiais e recursos

Os materiais e recursos telemáticos con que contan tanto os docentes coma o alumnado son o teléfono móbil, whatsapp, correo electrónico e a videoconferencia.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

4.1. Información ao alumnado e ás familias

A principal vía de comunicación co alumnado e familias é o whatsapp, e de forma minoritaria a videoconferencia e o correo electrónico, que permiten un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

4.2. Publicidade

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email/videoconferencia, whatsapp e/ou outros mecanismos.

A dirección do centro procederá á publicación das programacións na páxina web co fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.